

CONVENIO TIPO_SIMU

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE NIGRÁN, E A UTE ASISTENCIA TÉCNICA MATURO, S.L., EMPRESA RAÚL, S.A., AUTOCARES FADISTA, S.L.U., SUBÚS GRUPO DE TRANSPORTE, S.L.U., SECC. AUTOMÓVIL, S.L., ANGEL MARIANO MOLLA, S.A. e AUTOBUSES DEL TRIÁNGULO, S.L., PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL (SIMU)

Reunidos:

Dona Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da dita consellería.

Don Juan Antonio González Pérez, con NIF 76.987.132 Z alcalde do Concello de Nigrán, no nome e representación do indicado concello.

Dona María Carmen Carballedo Fernández, provista de NIF 33.311.772 K, actuando en nome e representación da UTE ASISTENCIA TÉCNICA MATURO, S.L., EMPRESA RAÚL, S.A., AUTOCARES FADISTA, S.L.U., SUBÚS GRUPO DE TRANSPORTE, S.L.U., SECC. AUTOMÓVIL, S.L., ANGEL MARIANO MOLLA, S.A. e AUTOBUSES DEL TRIÁNGULO, S.L., con base en Rúa Chan da Ponte, 39, 36450 Salvaterra de Miño, Pontevedra.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar este convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

1. As políticas públicas de mobilidade que pretenden a redución no uso do vehículo particular, teñen como premisa esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía. Asemade, a garantía da mobilidade da poboación dentro dos propios concellos considérase como un elemento de contribución para o crecemento e desenvolvemento da





economía local axudando á xeración do emprego e garantindo a sustentabilidade da comunidade.

Nesta liña, constatouse unha necesidade de mobilidade colectiva dentro do concello asinante nas que cómpre reforzar a oferta de servizos que xa presta o actual sistema de transporte público de viaxeiros por estrada. Así, co fin de ofertar un transporte público de viaxeiros que conecte diversos puntos do propio concello e, ao mesmo tempo, sirva de ligazón cos servizos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral que se veñen prestando na actualidade, configurouse un novo servizo de transporte público de carácter municipal dirixido, de forma específica, a satisfacer as necesidades da poboación do concello asinante.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transporte terrestre que se desenvolva integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano de administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transporte, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos e a implantación de plans de fomento do transporte público.

3. O concello asinante é titular das competencias tanto en materias de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia, e no artigo 25.2.g) da Lei de bases do réxime local. Igualmente, consonte co artigo 72 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, respecto dos tráfico do seu ámbito territorial, o concello posúe competencias de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción dos servizos de transporte público de persoas de ámbito local.

No marco destas competencias, o concello subscribinte pode promover ou participar en calquera momento en actuación interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público, consonte establece o artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro.

4. A UTE ASISTENCIA TÉCNICA MATURO, S.L., EMPRESA RAÚL, S.A., AUTOCARES FADISTA, S.L.U., SUBÚS GRUPO DE TRANSPORTE, S.L.U., SECC.



AUTOMÓVIL, S.L., ANGEL MARIANO MOLLA, S.A. e AUTOBUSES DEL TRIÁNGULO, S.L. é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG883, Comarca do Baixo Miño e sur da comarca de Vigo, concesión que inclúe tráfico no termo municipal definido no concello que subscribe o presente convenio.

5. Consonte co que se establece nos apartados 3.6.3.3 e 3.6.3.2 dos pregos de condicións polo que rexe a indicada concesión, prevese a implantación de servizos de interese municipal (en diante, SIMU) por parte dos concellos interesados, e a súa asunción por parte da concesionaria como incrementos de servizos pola súa propia iniciativa, incrementos que deberán ser autorizados pola Administración, con expresa referencia aos incrementos que se produzan como consecuencia dos acordos, en forma de convenios, contratos-programa,..., que poidan acordar o adxudicatario e outras Administracións Públicas para implantar novos servizos que formen parte do obxecto do contrato por desenvolverse sobre as liñas previstas nel ou na súa inmediata proximidade, como é o caso do SIMU obxecto do presente convenio.

De conformidade co exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución desta actuación conxunta que permita a implantación desta medida de fomento da mobilidade sostible e de mellora do transporte público no ámbito territorial do concello asinante, para o que as partes subscriben o presente convenio con base nas seguintes:

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación dun servizo de interese municipal (SIMU), coas características recollidas no anexo I do presente Convenio, e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.





Segunda.- Condicións de prestación dos servizos

Con base no presente convenio, e nos termos da letra b) do apartado 3.6.3.3 do prego de condicións polo que rexe a concesión da que é concesionaria a entidade asinante, impúlsase por parte do concello participante a implantación do SIMU que se define no anexo I, no que se concretan os percorridos e expedicións a desenvolver, e cuxa prestación é asumida pola concesionaria nos termos da letra b) do apartado 3.6.3.2 do mesmo prego de condicións.

O concello asinante, promotor do servizo de conformidade coas condicións establecidas no presente convenio, asume o compromiso de aboar á empresa prestataria do servizo o déficit de explotación do servizo, que se concretará como a diferenza entre os custos de explotación e os ingresos reais percibidos pola súa prestación. Os elementos precisos para o cálculo deste déficit reflíctese no anexo II, no que tamén se incorpora unha previsión inicial de ingresos do servizo e o custe de prestación concertado entre o concello promotor e a empresa concesionaria.

Pola súa parte, recoñecendo o interese público que concorre no presente caso, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade autorizará a prestación do SIMU nos termos previstos no anexo I do presente convenio, e incorporará a súa explotación ao sistema tarifario integrado previsto para o conxunto do sistema de transporte público de Galicia, para o que procederá á reordenación de servizos con base no establecido na cláusula 3.6.4 do prego de condicións polo que rexe a concesión, e consonte, neste caso, ao que se indica no propio anexo I. Para tal fin, a Administración Autonómica iniciará de oficio o correspondente procedemento de alteración das condicións de explotación do contrato de concesión por iniciativa do concesionario e, por tanto, coa súa expresa conformidade.

Igualmente, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade colaborará coas partes asinantes na liquidación e xestión das contraprestacións que se deriven a favor da empresa concesionaria da prestación do servizo, contraprestacións que asume en todo caso e integramente o concello participante.



Terceira.- Sistema tarifario

Ao servizo obxecto do presente convenio resultaralle plenamente de aplicación o sistema de tarifas establecido para o correspondente contrato de concesión e, neste sentido, intégrase no sistema de bonificacións que, en cada momento, teña activo a Xunta de Galicia. Así, liquidaranse os importes correspondentes á política tarifaria que en cada caso sexa aplicable empregándose os criterios de cálculo e reparto entre administracións que, en cada momento, resulten de aplicación.

Os ingresos tarifarios dos servizos consideraranse ingresos a conta realizados a favor da Administración Pública promotora, a expensas da liquidación das contías correspondentes. Os datos de colectas do servizo, e calquera outra información referente a ingresos que puidesen derivarse para a concesionaria da prestación do servizo ou relacionados con este, serán remitidas polo prestatario do servizo a través dos sistemas tecnolóxicos establecidos en cada momento para o contrato de concesión.

Cuarta.- Contía e transferencia das achegas

A totalidade das achegas que corresponde efectuar ao concello asinante por mor da implantación do SIM estímase nas contías que se determinan no anexo III.

Tendo en conta que no relativo aos datos de demanda a devandita previsión estímase en todo caso aproximada, as partes asumen expresamente que o cálculo das correspondentes achegas realizarase finalmente tomando en consideración os datos reais de usuarios.

O concello promotor dispón do orzamento preciso para o actual exercicio e comprométese a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda.

O concello promotor comprométese a efectuar a transferencia á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade das achegas correspondentes ao período de funcionamento do servizo durante o primeiro exercicio dentro do primeiro mes de posta en marcha do servizo; e, en sucesivos exercicios, no mes seguinte a aquel no que a dirección xeral con competencias en materia de transporte lle remita a comunicación co importe a ingresar, á que se fai referencia na cláusula seguinte. Este importe será obxecto de incorporación





na aplicación orzamentaria 2022.09.02.223.08 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia ou na que, no seu lugar, lle comunique a Dirección Xeral de Mobilidade.

Asemade, no caso de acordo de prórroga do servizo, o concello ingresará no mes seguinte a aquel no que a dita prórroga se acordase o importe estimado para o resto da anualidade que naquel momento estea en vigor, e o correspondente á/s anualidade/s seguinte/s no mesmo prazo indicado no apartado anterior.

De non se efectuar a achega correspondentes no prazo fixado, as partes asumen expresamente que a mesma terá a consideración de débeda firme, líquida e exixible pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar o referido importe das cantidades que lle corresponda ao concello como participación no Fondo de Cooperación Local, ou de calquera outro instrumento análogo que puidese complementalo ou substituílo, consonte co legalmente establecido.

Quinta.- Liquidación das achegas

A achega que corresponde efectuar ao concello promotor do servizo establecida de xeito estimativo no anexo III deste convenio, será actualizada segundo o procedemento fixado nesta estipulación.

Anualmente, a Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte revisará e comunicará ao concello asinante a indicada previsión, atendendo aos resultados reais de explotación dos exercicios anteriores, tendo en conta a ponderación que se efectúa tanto pola utilización dos medios de pagamento cos que operará a bonificación tarifaria, como da porcentaxe de incremento de novos usuarios bonificados, asumindo expresamente o concello promotor eventuais obrigas por riba das indicadas contías.

O concello promotor dispón do orzamento preciso para o actual exercicio e comprométese a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda, e os reaxustes, actualizacións e liquidacións comunicados pola Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte.

No primeiro trimestre de cada ano, a Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte remitirá ao concello asinante a liquidación definitiva do ano anterior, atendendo ás obrigas que



efectivamente lle corresponderá aboar consonte cos datos reais de utilización do servizo extraídos do sistema informático no que, en cada momento, se rexistren as viaxes realizadas.

A referida liquidación preverá os axustes das obrigas da correspondente anualidade, tendo en consideración os datos reais de explotación do último exercicio. En función destes datos, pódese establecer una minoración da contía a ingresar polo concello asinante no caso de que resulte excedente do ano anterior ou, pola contra, no caso de resultar este deficitario, establecerase un incremento da contía a ingresar polo concello incorporando o importe non cuberto no exercicio anterior.

Igualmente, no caso de que se verifique ao longo do exercicio a insuficiencia do importe achegado inicialmente polo concello, atendendo á evolución da oferta ou, eventualmente, a unha revisión de conceptos que figuren nos custos de explotación, a Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte requiriralle a realización dunha achega complementaria, que deberá ser materializada no prazo dun mes dende a súa notificación.

As achegas indicadas serán xestionadas pola Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte quen aboará o importe das contías correspondentes ao déficit na prestación do servizo á empresa concesionaria.

Sexta.- Comisión de Seguimento

Co obxecto de velar polo cumprimento deste convenio e para o tratamento de posibles discrepancias sobre o seu contido e aplicación constitúese unha comisión de seguimento constituída por dúas persoas designadas pola Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte, dúas persoas designadas polo concello asinante e dúas persoas designadas pola empresa/UTE concesionaria participante. A presidencia da comisión de seguimento será exercida por unha das persoas designadas pola Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte.

A comisión de seguimento será a encargada do seguimento, interpretación e control do cumprimento deste convenio e asumirá, en particular, as seguintes funcións:





- a) Resolver os problemas que se susciten na interpretación deste convenio.
- b) Garantir o intercambio de información entre as administracións públicas participantes.
- c) Acordar modificacións nas condicións de prestación do servizo establecidas nos anexos deste convenio, tales como modificacións de expedicións, calendarios, tempadas, frecuencias, horarios, itinerarios ou paradas, sempre que non supoñan incremento do custo económico derivado da prestación do servizo.
- d) Acordar as sucesivas prórrogas do presente convenio.
- e) Todas aquelas outras funcións que se lle atribúan neste convenio.

Para a validez dos acordos requirirase a presenza de, cando menos, unha persoa en representación de cada unha das partes integrantes da comisión de seguimento, e os ditos acordos serán adoptados por unanimidade dos asistentes. Non obstante o anterior, poderán adoptarse polas Administracións participantes, sen a intervención ou conformidade da concesionaria, aqueles acordos que afecten ao exercicio de potestades públicas que lles resulten propias.

A pertenza a esta comisión así como a asistencia ás súas sesións en ningún caso implicarán ningún tipo de retribución nin axudas de custo para as persoas que a integran.

Sétima.- Duración

Este Convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, aínda que despregará eficacia o día en que comencen a prestarse os servizos indicados no Anexo I, e manterá a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2026.

Á finalización do período indicado, a comisión de seguimento poderá acordar a súa prórroga por un ou varios períodos sucesivos, ata acadar o máximo de catro anos adicionais.

Os indicados acordos de prórroga deberán ser adoptados con anterioridade ao 15 de decembro do ano do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prórroga, e no mesmo deberán detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración.



Oitava.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación por mutuo acordo das partes asinantes, mediante a formalización da correspondente addenda segundo o procedemento legalmente establecido.

Para tal efecto, non terán a consideración de modificación do convenio as modificacións nas condicións de prestación do servizo establecidas nos anexos deste convenio, tales como modificacións de expedicións, calendarios, tempadas, frecuencias, horarios, itinerarios ou paradas, sempre que non supoñan incremento do custo económico derivado da prestación do servizo, que poderán ser acordadas pola Comisión de Seguimento nos termos que se indican na cláusula sexta.

Novena.- Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase por algunha das seguintes causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio e, no seu caso, das súas prórrogas.
- O mutuo acordo dos seus asinantes para a súa extinción ou novación, que deberá ser subscrito por escrito e coas mesmas formalidades que as deste convenio.
- O vencemento da concesión do servizo de transporte público regular de persoas por estrada, por calquera causa, da empresa/UTE participante indicado na parte expositiva deste convenio.
- A súa denuncia por calquera dos seus membros, o que requirirá a previa comunicación ás outras partes asinantes non máis tarde do día 30 de xuño do ano anterior a aquel no que se materializará.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes ou se o servizo non se presta correctamente consonte ao estipulado. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra, nun determinado prazo, con indicación das obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á





persoa que exerza a presidencia da comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá comportar a indemnización dos prexuízos causados, se así se previu.

- Decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.

En caso de resolución do convenio, todos os dereitos e obrigas nados con anterioridade á extinción deste serán cumpridos polas partes nos termos que acorden, sen prexuízo da liquidación do convenio, nos termos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Decima.- Réxime xurídico

Este convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do apartado 5 do artigo 74 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público de Galicia. Igualmente, resultarán de aplicación o conxunto de previsións que contén o anexo do PTPG aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 25 de febreiro de 2021.

A este convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das administracións públicas, segundo o disposto no apartado 1 do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



Este convenio rexeráse polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do convenio, pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- Derradeira

A posta en marcha do servizo terá lugar na data que acorde a Comisión de Seguimento.

Xunto coa comunicación da data de implantación do servizo a Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte trasladará ao concello promotor unha primeira liquidación estimada do custe que lle corresponderá realizar a aquel, con base neste convenio, tendo en conta a data na que se estableza que a dita implantación vaia resultar efectiva.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente este convenio

A conselleira de Infraestruturas e
Movilidade

O alcalde do Concello de Nigrán

Ethel María Vázquez Mourelle

Juan Antonio González Pérez

Pola empresa

María Carmen Carballedo Fernández





ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo días	Temporada anual	Hora saída	Hora chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG88307201	CHANDEBRITO-NIGRÁN-PANXÓN	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	07:45	08:30	Non	Non
XG88307301	CHANDEBRITO-NIGRÁN-PANXÓN	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	10:30	11:18	Non	Non
XG88307201	CHANDEBRITO-NIGRÁN-PANXÓN	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	14:00	14:45	Non	Non
XG88307301	CHANDEBRITO-NIGRÁN-PANXÓN	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	15:15	16:03	Non	Non
XG88307201	CHANDEBRITO-NIGRÁN-PANXÓN	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	16:15	17:00	Non	Non
XG88307301	CHANDEBRITO-NIGRÁN-PANXÓN	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	20:40	21:28	Non	Non



ANEXO II: CÁLCULO DO CUSTO E ESTIMACIÓN DO DÉFICIT DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO

ESTIMACIÓN DE INGRESOS	
Previsión de viaxeiros	Total
Viaxeiros anuais	1.506
Previsión de ingresos	Total
Recadación por viaxeiro	1,35 €
TOTAL INGRESOS ANUAIS PREVISTOS	2.033,00 €

ESTIMACIÓN DÉFICIT		
Variable	Mes	Total anual
Custo do SIMU ^(*) (a)	7.384,76 €	88.617,08 €
Ingresos (b)	169,42 €	2.033,00 €
DÉFICIT (c)=(b)-(a)	-7.215,34 €	-86.584,08 €

(*) Importe concertado entre o concello promotor e a empresa concesionaria participante.





ANEXO III: IMPORTE DA ACHEGA QUE CORRESPONDE EFECTUAR AO CONCELLO

EXERCICIO	MESES	IMPORTE
Exercicio 1	7	51.693,30 €
Exercicio 2	12	88.617,08 €
Exercicio 3	12	88.617,08 €
Exercicio 4	12	88.617,08 €
Exercicio 5	3	22.154,27 €
Total		339.698,81 €

(*) A suma de meses do primeiro e, se é o caso, quinto exercicio, será igual ou menor a 12.

